



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 22 de xullo de 2020**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 15 de xullo de 2020.
2. Acórdase o inicio do expediente de contratación da obra “Paseo Marítimo Alcalde Blanco en Marín – Pontevedra” no marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) Marín 2020, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), cunha taxa de cofinanciamento do 80%, dentro do eixo 12 do programa operativo plurirrexional de España (POPE) 2014-2020.
3. Apróbase o expediente de contratación das obras de “Humanización e renovación de servizos en Camiño Vello de Seixo”, cun orzamento de 499.748,55 euros, financiado con cargo ó Plan Concellos 2020, da Deputación de Pontevedra.
4. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 859,03 euros, con destino á Biblioteca Pública Vidal Pazos, ao abeiro das subvencións para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, convocadas pola Consellería de Cultura e Turismo.
5. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 2.436,62 euros, ao abeiro das subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, convocadas pola Consellería de Cultura e Turismo.
6. Concédese licenza de obra maior para a instalación fotovoltaica de autoconsumo na cuberta da nave frigorífica da empresa Cabomar, situada no porto de Marín.
7. Concédese licenza para a construción de piscina na parcela sita no lugar de Fixón, nº 5, Sto. Tomé de Piñeiro.
8. Concédese licenza de obras para ampliación de vivenda unifamiliar coa construción de garaxe soterrado de 68,30 m2 na parcela sita na Moreira, San Xulián.
9. Concédese licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Moledo, Ardán.
10. Concédese licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar de planta soto, baixa e primeira en Xuncal, Ardán.
11. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Denégase licenza para demolición de edificacións existentes en Igrexario (San Xulián) nº 37C.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400059F4600M6N9B5J2H1D6 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200368454
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/09/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/09/2020 12:46:26	Fecha: 04/09/2020 Hora: 12:46

